

## ACTIVIDADES DE OUTONO

Queridas familias, dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro gustaríanos comunicarvos as **actividades de outono** que levaremos a cabo na escola.

- Por un lado elaboraremos unha **exposición de froitos de outono** para a cal o alumnado deberá aportar pezas de froitos de tempada (cunha peza por persoa é suficiente, ou dúas se é un froito pequeno). As datas para traer os froitos á escola serán o **18 e 19 de outubro**. Posteriormente exporémolos o día 20 de outubro nos corredores da escola.
- Por outra banda, tamén realizaremos unha **mostra de cabazas decoradas** polo alumnado que exhibiremos no centro. Estas deberán traerse na semana do **25 ao 29 de outubro** e colocaranse no recibidor da escola.
- Por último, levaremos a cabo un **Certame de microrrelatos de medo** no que o alumnado deberá entregar as súas composicións antes do día **2 de novembro** (participantes de 3º a 6º de Educación Primaria).

Grazas e Saúdos.